



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

O señor cura d´Olveira  
cando vai na presisión-he  
leva cariña de rosa,  
/:ollíños de perdighón-he:/  
Ai la la...

O señor cura d´Olveira,  
vestidiño de marelo,  
na vila de Santiagho  
/:non hai mellor caballero:/  
Ai la la...

O señor cura de Olveira  
j´onde irá que tarda muito.  
As ventanas do seu cuarto  
/:quedan carghadas de luito:/  
Ai la la...

/:Com´as d´Olveira n-as hai-e:/  
paseían por donde queren,  
/:fan risa de cantas hai-e:/  
Ai la la...

Non a i-hai pola montaña,  
non a i-hai pola rebeira,  
non a i-hai pola montaña,  
/:parroquia com´á de Olveira:/  
Ai la...

Cada cual sinte su pena,  
yo sinto la mía doble,  
tu padre a mi no me quere  
/:porque lle pareso pobre:/.  
Ai la...

/:Tu madre no me quier´a mi:/  
tu madre quiere la reina;  
tés qu´ir por ela a Madrí.



/:Se queres que vaia vou-e:/  
se queres ves ehí a lúa,  
/:fala con quen me criou-e:/  
Ai la...

Arriba pandeiro roto  
abaixo manta mollada,  
que onde están as mulleres  
os homes non valen nada.  
Ai la la...

El sábado es un sardín  
todo llenito de flores,  
el día qu' encomensamos  
nuestros queridos amores.  
Ai la la...